

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 17 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día dezasete de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1081).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1082).- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE. EXPTE. 5640/104

Dáse conta do informe-proposta do 16.09.15, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 10 de setembro de 2015, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción turística de Vigo.

O apartado segundo do acordo de clasificación contén erros na documentación requirida ó licitador primeiro clasificado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local sesión do 10 de setembro de 2015 acordou

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5640-104)” no seguinte orde decrecente:

1.- RYANAIR, LTD.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR, LTD., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co esixido no apartado 14 a) da FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 615,52 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

O apartado segundo do acordo de clasificación contén erros na documentación requirida ó licitador primeiro clasificado. Así:

Esixe presentación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil non requirida no prego de cláusulas administrativas particulares.

Remite a cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares para a constitución da garantía definitiva cando a cláusula correcta é a 21.

Non inclúe a obriga de aportar unha declaración designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 26.7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

En consecuencia, procede corrixir os erros no citado acordo.

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión extraordinaria e urxente do 10 de setembro de 2015, de clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5640-104) que quedará redactado da forma seguinte:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de promoción turística da cidade de Vigo (expediente 5640-104)” no seguinte orde decrecente:

1.- RYANAIR, LTD.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RYANAIR, LTD., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Declaración designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 26.7 do prego de cláusulas administrativas particulares*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 615,52 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1083).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO II TRAIL MONTES DE VIGO O 20/09/2015. EXPTE. 14313/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.09.15, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e o secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade AGRUPACION DEPORTIVA MEDIO MARATON CIF (G36689826), solicitou o día 08-07-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150090107) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: IV -10 KM PRAIA DE SAMIL*
- *Data: 20 DE SETEMBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenizará o domingo 20 de setembro de 2015 ás 10.30 con saída dende o parking anexo ao polideportivo de Samil, o percorrido será dende Avda. De Samil na confluencia coas rúas Canido e Río ata a parada do autobús da Praia da Fonte, a proba rematará no parking do polideportivo de Samil.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á AGRUPACION DEPORTIVA MEDIO MARATON con CIF (G36689826), a organizar o vindeiro domingo 20 de setembro de 2015 o IV -10 KM PRAIA DE SAMIL a proba terá a súa saída dende o parking anexo ao polideportivo de Samil ás 10.30h, e percorrerá pola Avda. De Samil na confluencia coas rúas Canido e Río ata a parada do autobús da Praia da Fonte, dita carreira rematará no parking do polideportivo de Samil.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1084).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO IV 10 KM PRAIA DE SAMIL O 20/09/2015. EXPTE. 13898/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.09.15, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e o secretario xeral do Pleno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade AGRUPACION DEPORTIVA MEDIO MARATON CIF (G36689826), solicitou o día 08-07-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150090107) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: IV -10 KM PRAIA DE SAMIL*
- *Data: 20 DE SETEMBRO DE 2015*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o domingo 20 de setembro de 2015 ás 10.30 con saída dende o parking anexo ao polideportivo de Samil, o perocorrido será dende Avda. De Samil na confluencia coas rúas Canido e Río ata a parada do autobús da Praia da Fonte, a proba rematará no parking do polideportivo de Samil.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á AGRUPACION DEPORTIVA MEDIO MARATON con CIF (G36689826), a organizar o vindeiro domingo 20 de setembro de 2015 o IV -10 KM PRAIA DE SAMIL a proba terá a súa saída dende o parking anexo ao polideportivo de Samil ás 10.30h, e percorrerá pola Avda. De Samil na confluencia coas rúas Canido e Río ata a parada do autobús da Praia da Fonte, dita carreira rematará no parking do polideportivo de Samil.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1085).- PRODUTIVIDADE DOS OFICIAIS SEPULTUREIROS DO SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 27003/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/09/15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación de RR HH conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“Mediante Instrucción de servizo do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 11/08/2015 ordease que polo Servizo de Recursos Humanos se proceda á tramitación, con carácter urgente, de expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade polo especial rendemento prestado durante o ano 2014 nos servizos de Cemiterios, Extinción de Incendios e Salvamento, Laboratorio Municipal e Policía Local, previa a emisión dos correspondentes informes acreditativos que polas xefaturas dos servizos indicados se emitan, así como a emisión dos preceptivos informes ao respecto.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 24/08/2015 acorda o outorgamento de complemento de produtividade aos servizos da Policía local e Extinción de incendios e salvamento (expte. 26950/22 aos efectivos que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informes dos servizos de Policía Local (Doc 150106525) e Extinción de Incendios e Salvamento (Expediente 3982-213), correspondentes ao período xuño-setembro 2014 no caso da Policía Local e xaneiro-décembro 2014 no caso do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos.

En data 02/09/2015 recibense neste Servizo petición do Servizo de Cemiterios (Doc 150108058) no que se solicita o aboamento dun complemento de produtividade baseado no esforzo e especial dedicación dos traballadores/as do servizo realizado nos meses de xuño a setembro de 2014, tendo en conta a falta de efectivos e o número de cemiterios municipais existentes, tomando como referencia para o cálculo das cantidades propostas o importe o valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos, todos eles con vínculo de servizo na actualidade con este Concello.

A suma das cantidades propostas ascende a un total de 6682.50 €.

Polo tanto, estase a falar do outorgamento dun complemento de produtividade a un total de 13 empregados municipais pertencentes ao Servizo de Cemiterios, en atención á actividade extraordinaria, especial rendemento e interese co que desempeñaron as súas funcións que permitiron prestar un servizo de calidade, socialmente satisfactorio, a través da protección e maximización dos intereses públicos presentes cuxa tutela ten atribuída este Concello a través do servizo de Cemiterios e, todo elo durante o período comprendido de xuño setembro ambos inclusive, de 2014.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

Sen prexuízo do anterior, o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

-A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

-En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local establece no seu artigo 5 que o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo. O artigo 5.2 establece que a apreciación da produtividade deberá facerse en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desenvolvemento do posto de traballo e obxectivos asociados ao mesmo.

Polo tanto ,o complemento de produtividade configúrase no ordeamento xurídico como unha remuneración ao especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria , non contempladas a través do complemento específico e ao interese ou iniciativa no desempeño do traballo, non podendo considerarse como unha retribución complementaria inherente a un posto de traballo.

Os incentivos ao rendemento, ao estar cuantificados en función dun rendemento superior ao normal no traballo e destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, corresponde a súa cuantificación en atención a ese superior rendemento e ao grao de participación na consecución de resultados sendo un complemento retributivo que depende da forma, eficacia e empeño que cada funcionario mostre no exercicio do seu posto de traballo, tendo carácter personalista e subxectivo e non consolidable individualmente. Así, a súa asignación debe realizarse en atención a circunstancias variables no tempo, o que implica que non existe dereito ao seu mantemento no tempo e incompatible coa ausencia do posto de traballo, condicións que solo poden darse cando o funcionario preste efectivamente o seus servizos e o faga a pleno rendemento, factores relacionadas directamente coa presenza do funcionario no seu posto de traballo e o cumprimento das súas prestacións.

Por outra banda, as vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do

persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo contemplan expresamente na Instrucción Terceira que:

“Con cargo ao Complemento de Productividade retribuirase única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concurran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións.

A Xunta de Goberno establecerá no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de productividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de productividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

–Aumento de volumen de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns coxunturales debidamente xustificadas.

–Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo órgano competente.

–Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades, cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito.

–Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición, no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e, a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional e dispoñibilidade do traballo e, deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente,

–A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e productividade) e na contención do gasto.

–Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓN. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de productividade, en harmonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio 2014 e vixentes na actualidade..

–En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Na proposta contidas no documento 150108058 figuran como criterio na asignación dos complementos de produtividade propostos a cada un dos empregados municipais que se relacionan no informe, o número de xornadas traballadas no período referenciado e a participación de cada un deles no desempeño das funcións do servizo, realizándose a asignación das cantidades propostas en ambos casos, en función das categorías profesionais dos funcionarios e o valor /hora de cada un dos postos..

Enténdese que as circunstancias coxunturais e excepciónais na prestación dos seus servizos reflexadas nas actuacións levadas a cabo polo persoal proposto do servizo de Cemiterios no período xuño-setembro 2014, en canto ao aumento do volumen de traballo nas tarefas asignadas aos distintos postos, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que estiveron a desempeñar os funcionarios propostos as súas funcións así como o seu grao de participación no desempeño das funcións asignadas a cada un dos servizos, son o orixe do especial rendemento dos funcionarios..

O artigo 25, apartado 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, según redacción dada no artigo primeiro da lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, atribúen aos concellos o exercicio obrigatorio dunha serie de competencias propias, preceptuando que:

“El Municipio ejercerá en todo caso, como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

/.../

f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

/.../

j) Protección de la salubridad pública.

/.../

k) Cementerios y actividades funerarias.

Non debe obviarse, dende esta perspectiva, que a Xunta de Goberno Local, nos anteditos acordos de data 20/06/2014 e 29/08/2014, acordou definir como servizos públicos esenciais, entre outras categorías de servizos, aqueles que se corresponden coas competencias municipais obrigatorias e servizos mínimos esenciais de necesaria prestación polas Entidades Locais. Por tanto, enténdese que o sustento legal da procedencia na prestación de servizos está plenamente xustificada dende a óptica do marco legal competencial actualmente vixente; a maiores, está acreditada a efectiva realización dos mesmos por parte das xefaturas correspondentes, tal e como pode observarse nos informes dos diferentes servizos indicados.

Os devengos obxecto do presente expediente derivan das circunstancias expresadas nos informes asinados polas Xefaturas dos Servizos podendo afirmar que ditos devengos atopan o seu axuste normativo, en canto ao soporte regulamentario dos supostos de devengo, nas vixentes Instrucións sobre plantilla e cadro de persoal orzamentario, anexas á vixente RPT anteriormente transcritas.

Dacordo ao recollido nestas Instrucciones, calquera produtividade que non teña causa nestas ou no Acordo Regulador vixente, requirirá a previa determinación dos criterios obxectivos de asignación pola Xunta de Goberno Local, a proposta debidamente xustificada da Área ou Servizo correspondente que acredite a necesidade e procedencia da súa aprobación. A asignación individualizada do complemento de produtividade deberá ser sometida a debate da Xunta de Goberno Local unha vez aprobados os criterios citados.

Ditos criterios concretanse en:

-reasignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 e 2014.

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo

En idética liña, e dado que a xefatura do servizo toma como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos, debe indicarse que a dita referencia atopa encadre no previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao prezo do valor hora.

A proposta económica do presente expediente por importe de 6682.50€ aboaríase con cargo a aplicación orzamentaria 920.150.0000 "Productividade" do vixente orzamento prorrogado.

Debe considerarse especialmente, tanto por parte da Xunta de Goberno Local como polo órgano responsable do asesoramento xurídico á mesma, o marco legal de excepcionalidade actualmente vixente en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público, xa sinalado anteriormente.

En consecuencia, por parte do Servizo de Recursos Humanos estímase oportuno deixar constancia expresa de que unha eventual proposta de acordo favorable asíñase sempre en tanto en canto a mesma respete os límites legais e orzamentarios contidos na normativa invocada e acordos municipais de referencia,

Resulta necesaria a previa e preceptiva fiscalización do gasto que pola Intervención Xeral Municipal se efectúe, de conformidade co disposto nos artigos 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e correspondentes bases de execución dos Orzamentos Municipais vixentes; informe nos termos e condicións do cal efectúase calquera eventual proposta de gasto, e que deberá aterse aos límites que se establezan no mesmo. En calquera caso, a imputación orzamentaria do gasto deberá efectuarse con cargo á aplicación 922.0150.00.00- "Productividade".

*En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en canto á xestión económica do persoal municipal e á aprobación das retribucións do mesmo atribúe o artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno Local, sométese á súa consideración, se procede e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

"PRIMEIRO.- Aprobar como criterios obxectivos para o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade ao persoal do servizo de Cemiterios, os criterios que seguidamente se indican:

-reassignación de cargas de traballo derivada da insuficiencia de efectivos asignados ao servizo.

-ausencia de cobertura das prazas vacantes existentes durante o período 2013 e 2014.

-necesidade da garantía da debida prestación do servizo no ámbito do termo municipal de Vigo.

SEGUNDO.- Aprobar, como referencia para o cálculo obxectivo do importe dos complementos de produtividade a aboar, o importe do valor hora de cada posto de traballo de destino dos efectivos propostos no informe da xefatura do servizo, nos termos do previsto no artigo 23 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Acordar o outorgamento dun complemento retributivo de produtividade aos efectivos que realizaron os servizos indicados con especial adicación, rendemento e interese acreditados e propostos no informe do servizo de cemiterios (Doc 150108058), correspondentes ao período xuño-setembro 2014, nos termos das vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos, e consecuentemente dispoñer o aboamento do importe de 6682.50 €, en tal concepto, aos empregados municipais que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, en relación que comeza por ALFONSO PAZ, JESUS, e remata por VILANOVA ACUÑA, DELMIRO, segundo os criterios e polos importes contidos no informe do servizo, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00- "Productividade", nos termos do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita.

CUARTO.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Notifíquese o presente acordo á xefatura do servizo solicitantes, Concellería-delegada da Área correspondente, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal (Negociado de Nóminas) e Comité de Persoal do Concello aos efectos oportunos".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Anexo I

Nº persoal	Apelidos e nome	Posto	Importe
23490	Alfonso Paz, Jesús	Oficial sepultureiro	247,50 €
78372	Alvarez Lago, Jesús	Oficial sepultureiro	596,25 €
13600	Cabaleiro González, José	Oficial sepultureiro	540,00 €
77225	Cid Gonzalez, Alberto	Oficial sepultureiro	551,25 €
77691	Conde Lorenzo Hector	Oficial sepultureiro	472,50 €
78122	Costas Riveiro, Rafael	Oficial sepultureiro	528,75 €
78828	Cousiño Sendín, M ^a . Concepción	Oficial sepultureiro	686,25 €
82747	Curras Villar, Manuel Angel	Oficial sepultureiro	461,25 €
78924	González Seijo, José Antonio	Oficial sepultureiro	438,75 €
23509	Marquez Losada, Manuel Enrique	Oficial sepultureiro	483,75 €
76563	Pereira Fona, Juan José	Oficial sepultureiro	472,50 €
76430	Rodríguez López, Adolfo	Oficial sepultureiro	596,25 €
77690	Vilanova Acuña, Delmiro	Oficial sepultureiro	607,50 €

“

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1086).- PROPOSTA DE CERTIFICACIÓN FINAL DA EXECUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO I-2014”. EXPTE. 71990/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.09.15, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 24.07.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e o concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Expediente 71861-250, por acordo da XGL en sesión do 02/09/2014
Orden de inicio do expediente de contratación	Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 08/09/2014
Aprobación expediente de contratación	Expediente 71990-250. Aprobado pola XGL en sesión do 15/10/2014. Importe de licitación de 799.257,79 € (IVE incluído).
Aplicación Orzamentaria	1550.210.00.00 (na actualizade 1532.210.00.00)
Período de licitación	Do 30/10/2014 (anuncio BOP e BOG) ata o 25/11/2014.
Adxudicación	Por acordo da XGL en sesión do 12/12/2014 NAROM, S.L., por un prezo 555.404,24 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	2 meses
Garantía:	36 meses
Sinatura do contrato	13/12/2014
Dirección facultativa	A XGL do 12/12/2014, acordou o nomear a Agustín Rodríguez Carballo, enxeñeiro superior de camiños, canles e portos, adscrito ao posto de xefe do servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo. Expediente: 2894-440
Coordinación de Seg e Sa.	A XGL do 12/12/2014, acordou o nomear a D. Maximino García Sánchez, D.N.I. 36.090.677-C, da empresa . Cies Atlántico S.L.U, coa titulación de Enxeñeiro Técnico Colexiado Nº 3204 de Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Vigo. Expediente: 2894-440.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 15/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil NAROM, S.L. de acordo co informe favorable de data 15/12/2014 asinado por D. Maximino García Sánchez, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 2896-440
Plan de Residuos	Se da conta a XGL en sesión do 15/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil NAROM, S.L., co informe favorable de data 15/12/2014 asinado por D. Agustín Rodríguez Carballo, como director facultativo. Expte: 2896-440

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 2 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 15/12/2014
Prazo execución	2 meses
Data de inicio das obras	16/12/2014
Acta de suspensión temporal das obras de execución do contrato	Acta: 22/12/2014 Dende o 18/12/2014 ata 07/01/2015 polo bando do Nadal.
Finalización obras rúa Pizarro, paso inferior Martínez Garrido, e paso inferior Pz España	27/02/2015
Finalizacións prazo execución tendo en conta a paralización do 18/12/2014	04/03/2015

Acta de suspensión temporal e parcial das obras de execución do contrato	Acta: 8/01/2015 ás 12 h. Dende o 08/01/2015 ata 06/04/2015 na Avda. de Madrid, ata obter as autorizacións dos desvíos solicitados ante Demarcacións de Estradas do Estado.
Levantamento da suspensión temporal das obras	Comunicación: 06/04/2015
Acta de suspensión temporal e parcial das obras de execución do contrato	Acta: 22/05/2015 ás 21 h. Dende o 23/05/2015 ata 15/06/2015 na Avda. de Madrid, recrecido dos pozos de rexistro e a reposición de sinalización horizontal.
Levantamento da suspensión temporal das obras	Comunicación: 15/06/15
Data límite de terminación das obras	25 de xuño de 2015
Finalización das obras	22 de xuño de 2015
Acta recepción	29 de xuño de 2015

2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Con data 15 de decembro de 2014 foi subscrita acta de comprobación de replanteo, dándose por iniciado o prazo de execución previsto no P.C.A.P. Con data 18 de decembro, foron paralizadas as obras por motivo do Bando de Alcaldía relativo á execución das obras durante o período do Nadal. Reanudadas as obras, con data 7 de xaneiro de 2015 foron paralizadas parcialmente (Avda. de Madrid), en tanto en cuanto a Demarcación de Estradas do Estado non autorice a súa execución. As obras continuaron no paso inferior Pz España, no paso inferior Martínez Garrido e na rúa Pizarro. A finalización das obras nestas rúas prodúxose o 27 de febreiro de 2015. Tendo en conta a paralización do período do Nadal, a data de finalización do prazo de garantía resultaba ser o 4 de marzo de 2015, polo que as obras nestas rúas finalizaron antes do vencemento do prazo de execución.

As obras na Avda. de Madrid foron obxecto, ademais da paralización do período do Nadal, de dúas novas paralizacións parciais. A primeira, como se comentou, motivada polo outorgamento de autorización da Demarcación de Estradas do Estado, cun período comprendido entre o 8 de xaneiro e o 7 de abril de 2015. Por último, foi obxecto de paralización novamente, motivada polas altas afeccións ao tráfico debido ao alto número de obras en curso nestas datas, polo que o servizo municipal de mobilidade recomendou retrasar a operación de recrecido de tapas de rexistros na estrada, unha vez finalizadas as operacións de pavimentación. O período desta última paralización prodúxose entre o 23 de maio e o 15 de xuño de 2015. O prazo de execución de 2 meses, tendo en conta as paralizacións producidas, finalizaba o 25 de xuño de 2015. As obras finalizaron o 22 de xuño, dentro por tanto do prazo previsto.

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
29/12/14	Certificación nº 1. (ive incluído):	54.198,14 €
30/01/15	Certificación nº 2. (ive incluído):	0,00 €
27/02/15	Certificación nº 3. (ive incluído):	45.158,68 €
31/03/15	Certificación nº 4. (ive incluído)	0,00 €
30/04/15	Certificación nº 5. (ive incluído):	251.712,75 €
01/06/15	Certificación nº 6. (ive incluído)	157.066,49 €
16/07/15	Certificación nº 7 e final. (ive incluído)	2.572,78 €
	TOTAL	510.708,84

	<i>Presuposto de adjudicación (ive incluído)</i>	<i>555.404,24</i>
	<i>Saldo favorable á administración (ive incluído)</i>	<i>44.695,4</i>

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adjudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da obra.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adjudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

b.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo, como documentación obrigatoria. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

c.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

d.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 15/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 15/12/2014).

e.- Consta no expediente os seguintes documentos:
–Programa de traballo

–Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 15/12/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 15/12/2014.

–Plan de residuos, presentado pola empresa coa conformidade do director facultativo de data 15/12/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 15/12/2014.

–Plan de calidade

f.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

g.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

h.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

i.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas na cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

As obras finalizaron dentro do prazo máximo establecido do 25/06/2015 e con data 29 de xuño asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto do “OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO-I 2014”. Determínase a data do 6 de xullo para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 6 de xullo de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 6 de xullo e asinada por D.Agustín Rodríguez González, na súa condición de Director Facultativo e de D. Manuel Fernández Estévez como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 16 de xullo de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 36 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 29/06/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 28/06/2018.

Como se indicou no punto 2.1 "axuste do prazo de execución", as obras no paso inferior Pz España, no paso inferior Martínez Garrido e na rúa Pizarro foron finalizadas o 27 de febreiro de 2015. Non se realizou acto formal de recepción ata a finalización das obras na Avda. de Madrid, o 29 de xuño de 2015, intre no que comeza o prazo de garantía previsto de 36 meses, para a totalidade das rúas, circunstancia que asume o contratista adxudicatario das obras, suscribindo a acta de recepción sen facer alegación algunha.

O Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 71990/250, correspondente ao "OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO-I 2014", polo cal procede a proposta de aprobación da certificación final de obra de data 16 de xullo de 2015.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra, polo cal, e previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobación da CERTIFICACIÓN 7-FINAL de data 16 de xullo de 2015 correspondente a execución das obras do expediente 71990-250, correspondente o; "OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO-I 2014". A dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	510.409,47 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	507.838,21 €
Total execución material da presente certificación	2.571,26 €
Gastos xerais (13%)	334,26 €
Beneficio industrial (6%)	154,28 €
Total:	3.059,81 €
Baixa adxudicación (30,5100%)	933,54 €
Presuposto de execución por contrata	2.126,27 €
IVE (21)%	446,52 €
Presuposto líquido global contractual	2.572,78 €

Esta certificación será tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 1532.210.00.00.

- 2.- *Dar conta do inicio do prazo de garantía da obra ““OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DO CASCO URBANO-I 2014”, que de acordo co contrato asinado en data 15/12/2014 se corresponde con 36 meses, os cales terán efecto a partir da data de 29/06/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 28/06/2018. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.*

Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.

- 3.- *Dar conta do presente acordo o Contratista para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da certificación 7-final da obra aprobada.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1087).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A XESTIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN DURANTE O ANO 2015 “AS ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE”. EXPTE. 5654/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.08.15, e o informe de fiscalización do 16.09.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Turismo, do 7.07.15, conformado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira delegada da Área de Turismo e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 1 de xullo de 2015, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para a realización das actuacións de promoción durante o ano 2015 conducentes á declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, por importe de 127.000€, con cargo á aplicación presupostaria 43204800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do Servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

*-Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades ...
-Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias...*

A Fundación VCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte como obxectivo conexo “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB leve a cabo as actuacións de difusión e promoción conducentes á posta en marcha da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Si ben esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da Fundación Vigo Convention Bureau de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo, polo devandito PROPONSE

1º.- Que se *aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA A XESTIÓN DAS ACTUACIÓN DE PROMOCIÓN DURANTE O ANO 2015 "AS ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE"*.

2º.- Que se *autorice un gasto por importe de 127.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 43204800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio*

económico.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VCB PARA PROMOCIÓN DAS ILLAS CIES COMO DESTINO TURÍSTICO E ACCIÓNS CONDUCENTES Á DECLARACIÓN DAS MESMAS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

REUNIDOS

Dunha parte Dª Ana Laura Iglesias González na súa calidade de Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo.

Doutra parte D. Pablo David Cameselle Martínez, como Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF: G-27722883, con enderezo social na Praza do Rei S/n.

MANIFESTAN

I.- A Fundación Vigo Convention Bureau (en diante Fundación VCB) é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.*
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades turísticas.*
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.*

-Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

-Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestructuras para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais .

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A Fundación VCB, ademais dos estatutos, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o plan de traballo que reflicte igualmente no apartado referido á misión da fundación “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

II.- O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010.

A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo,etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora de dos bens turísticos de Vigo.

IV.-O Concello de Vigo está interesado en iniciar os trámites conducentes á difusión do proxecto da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”

A UNESCO, organización das Nacións Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa

inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade e o destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, O Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que o recurso proposto teña un "sobresaínte valor universal". Tal inclusión le esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo.

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética.*
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.*
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.*

V.- A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para levar a cabo as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, así como todas aquelas funcións de promoción e difusión para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para o turismo de Vigo e para a Fundación VCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320480000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 127.000,00€.

VII.- O Concello de Vigo desenvolveu nos últimos anos, o Plan de competitividade do produto turístico "Turismo Urbano e de Ría" (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, e aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O Plan de competitividade do produto turístico de Vigo "Turismo Urbano e de Ría" desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentados e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, así como aquelas de promoción da mesma.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Fundación VCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración, durante o ano 2015.

PACTOS

Primeiro.- O obxecto do presente convenio consiste en executar e desenvolver as accións de promoción e difusión conducentes á posta en marcha de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2015, recollidos no Anexo I.

A Fundación VCB, comprométese a colaborar coa Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo para a execución e desenvolvemento das accións de promoción e difusión da posta en marcha da candidatura, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2015, conforme co programa recollido no Anexo I.

A Fundación VCB comprométese a:

- 1.- Levar a cabo as accións de difusión conducentes a presentación da candidatura das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade.*
- 2.- Realizar todas as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa a posta en marcha para a obtención da declaración.*
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programa.*
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.*
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.*
- 6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.*
- 7.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.*
- 8.- Comunicar á Concelleira-Delegada de Festas e Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.*

Segundo.- O Concello de Vigo comprométese a:

- 1.- Conceder directamente á Fundación VCB a achega para executar e desenvolver as accións de xestión, promoción e difusión do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2015 co importe de 127.000,00€ (cento vinte sete mil euros).*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación VCB deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos:

- Primeiro pagamento polos gastos realizados de 63.500€ (sesenta e tres mil quíntos euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.*
- Segundo pagamento de 38.100€ (trinta e oito mil cen euros) o 30% do importe do convenio, que farase efectivo a primeira semana de outubro do 2015.*
- Terceiro pagamento de 25.400€ (vintecinco mil catrocentos euros) o 20% do importe do convenio, que farase efectivo a primeira semana de decembro.*

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta com número de IBAN ES8720805000683040324245 da entidade bancaria ABANCA, con cargo á aplicación presupuestaria 4320480000 convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 127.000€.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A Fundación VCB non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a Fundación para a realización da actividade subvencionada.

Sétimo.- A Fundación VCB debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A Fundación VCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos na derradeira quincena de novembro de 2015. A tal efecto deberá presentar xunto ás solicitudes dos pagamentos parciais:

- a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto*

de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación, que incorporará:

— Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

— A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

— As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a Fundación VCB solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- Xunto á solicitude do derradeiro pagamento á Fundación VCB terá que presentar ademais da memoria parcial de actividade e económica do período en cuestión, un informe final no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen dende a sinatura deste convenio e o derradeiro pago.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- (Sen contido)

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias xustificativas as que se refire o pacto noveno deste convenio.

Décimo oitavo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A Concelleira-Delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e

cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

Vixésimo.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A Fundación VCB está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A Fundación VCB poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas e Turismo do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertados ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

Vixésimo terceiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

Vigo, setembro de 2015.

*A Concelleira-Delegada da Área
de Festas e Turismo.*

Ana Laura Iglesias González

*O xerente da Fundación Vigo
Convention Bureau*

Pablo David Cameselle Martínez

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.